



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTADÍSTICA



# INFORME SOBRE AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL

Afiliacións medias outubro 2022

Santiago de Compostela, 3 de novembro de 2022

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.gal/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.gal>

## 1.- Información xeral

O número medio de afiliacións<sup>1</sup> ao Sistema da Seguridade Social en Galicia no mes de outubro do ano 2022 acadou a cifra de 1.048.700 para o total do sistema, o que supón un descenso respecto ao pasado mes de setembro de 2022 de 646 afiliacións (-0,06%). Para o conxunto estatal a cifra de afiliacións sitúase en 20.283.786, rexistrando un incremento do 0,51% con respecto ao pasado mes de setembro.

Na comparativa interanual (outubro de 2022 con outubro de 2021) obsérvase un aumento de 16.050 afiliacións no total do sistema en Galicia (1,55%) e un aumento do 3,01% (593.197 afiliacións) no conxunto estatal.


Por comunidades autónomas e con respecto ao mes de setembro de 2022, rexístrase unha baixada das afiliacións en seis comunidades autónomas, destacando Illes Balears (-5,69%), mentres que en once comunidades autónomas suben as afiliacións, especialmente na Comunitat Valenciana (1,94%). En canto ás taxas con respecto ao mesmo mes do ano anterior, rexístranse taxas positivas en todas as comunidades autónomas. Os aumentos máis acusados prodúcense en Illes Balears e Canarias con taxas superiores ao 5,00%.

Cadro 1.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS POR COMUNIDADES AUTÓNOMAS

CCAA	AFILIACIÓN MEDIA OUTUBRO 2022	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
<b>España</b>	<b>20.283.786</b>	<b>103.499</b>	<b>0,51</b>	<b>593.197</b>	<b>3,01</b>
<b>Galicia</b>	<b>1.048.700</b>	<b>-646</b>	<b>-0,06</b>	<b>16.050</b>	<b>1,55</b>
Andalucía	3.274.493	23.239	0,71	79.193	2,48
Aragón	592.325	3.127	0,53	9.056	1,55
Asturias	373.005	188	0,05	4.888	1,33
Illes Balears	557.781	-33.627	-5,69	43.091	8,37
Canarias	864.212	11.410	1,34	49.848	6,12
Cantabria	225.742	-558	-0,25	2.791	1,25
Castilla La Mancha	749.764	-6.342	-0,84	10.708	1,45
Castilla y León	947.827	947	0,10	9.669	1,03
Cataluña	3.617.393	4.031	0,11	117.654	3,36
Comunitat Valenciana	2.055.640	39.217	1,94	69.356	3,49
Extremadura	406.755	-1.094	-0,27	2.600	0,64
Madrid	3.474.413	43.266	1,26	144.532	4,34
Murcia	623.997	5.697	0,92	11.891	1,94
Navarra	302.192	1.993	0,66	5.708	1,93
País Vasco	989.690	13.801	1,41	15.968	1,64
La Rioja	134.510	-1.344	-0,99	224	0,17
Ceuta e Melilla	45.347	195	0,43	-31	-0,07

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

<sup>1</sup> O Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones tan só publica os datos de afiliación media do mes por considerala máis estable que a cifra do último día do mes e reflectir mellor como foi a afiliación no conxunto do mes.



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

## 2.- Datos de afiliacións por provincias

O número medio de afiliacións á Seguridade Social aumentou con respecto ao mesmo mes do ano pasado en todas as provincias galegas. A Coruña é a provincia que presenta a maior subida nas afiliacións cunha taxa de variación interanual do 2,36%, o que supón 10.438 afiliacións máis, seguida de Pontevedra (1,08%), Ourense (0,94%) e, por último, Lugo (0,58%).

No que respecta ás afiliacións medias deste mes de outubro con respecto ás do mes de setembro, rexistrouse en Galicia un descenso do 0,06%. Pontevedra presenta o maior descenso cunha taxa de variación intermensual do -0,54%, seguida de Lugo (-0,20%) e Ourense (-0,17%). Pola contra, A Coruña presenta unha taxa de variación intermensual positiva (0,39%).

**Cadro 2.- EVOLUCIÓN DAS AFILIACIÓNS Á SEGURIDADE SOCIAL. GALICIA E PROVINCIAS**

PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA OUTUBRO 2022	VARIACIÓNS			
		MES ANTERIOR		INTERANUAL	
		ABSOLUTA	RELATIVA	ABSOLUTA	RELATIVA
A CORUÑA	453.517	1.760	0,39	10.438	2,36
LUGO	124.180	-246	-0,20	711	0,58
OURENSE	104.131	-179	-0,17	972	0,94
PONTEVEDRA	366.872	-1.981	-0,54	3.928	1,08
<b>GALICIA</b>	<b>1.048.700</b>	<b>-646</b>	<b>-0,06</b>	<b>16.050</b>	<b>1,55</b>
<b>ESPAÑA</b>	<b>20.283.786</b>	<b>103.499</b>	<b>0,51</b>	<b>593.197</b>	<b>3,01</b>


Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

### 3.- Información segundo réxime de afiliación

As afiliacións ao réxime xeral, que representan o 78,33% das afiliacións galegas en outubro de 2022, diminuíu un 0,09% con respecto ao mes anterior. Na comparativa interanual obsérvase un aumento do 2,29%. En España estas taxas foron do 0,61% con respecto a setembro de 2022 e do 3,58% en relación ao mes de outubro de 2021. Por provincias, Lugo é a que presenta unha porcentaxe menor de afiliacións ao réxime xeral (72,83%).

Nas afiliacións ao réxime especial de autónomos, as catro provincias galegas amosan unha taxa de variación interanual negativa; Lugo (-1,96%), Ourense (-1,46%), A Coruña (-1,04%) e Pontevedra (-0,75%). A media da comunidade galega sitúase entón no -1,13%. Para este réxime e con respecto ao mes de setembro de 2022, baixan as catro provincias galegas; Ourense (-0,18%), Pontevedra (-0,15%), Lugo (-0,09%) e A Coruña (-0,01%), resultando para o conxunto de Galicia unha taxa intermensual do -0,09%. As taxas nacionais para este réxime presentan unha subida interanual do 0,24% e unha subida intermensual do 0,07%.

No que respecta ao réxime especial do mar, con respecto a outubro de 2021, suben A Coruña (0,47%) e Pontevedra (0,28%), mentres que en Lugo baixan (-0,73%). A taxa galega acaba entón o 0,26%, inferior á de España (1,66%). Con respecto a setembro de 2022, A Coruña presenta un aumento do 6,37%, mentres que Lugo e Pontevedra presenta un descenso do 2,51% e 0,18% respectivamente. A taxa galega amosa un incremento do 1,48% con respecto a setembro de 2022. A taxa nacional é do -2,70%.




Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

**Cadro 3.- AFILIACIÓN POR RÉXIMES E PROVINCIAS**

RÉXIME E PROVINCIA	AFILIACIÓN MEDIA OUTUBRO 2022	VARIACIÓN RELATIVAS	
		MES	INTERANUAL
<b>TOTAL SISTEMA</b>			
A CORUÑA	453.517	0,39	2,36
LUGO	124.180	-0,20	0,58
OURENSE	104.131	-0,17	0,94
PONTEVEDRA	366.872	-0,54	1,08
GALICIA	1.048.700	-0,06	1,55
ESPAÑA	20.283.786	0,51	3,01
<b>R. XERAL</b>			
A CORUÑA	363.187	0,39	3,21
LUGO	90.443	-0,20	1,54
OURENSE	81.244	-0,17	1,64
PONTEVEDRA	286.569	-0,64	1,56
GALICIA	821.442	-0,09	2,29
ESPAÑA	16.887.035	0,61	3,58
<b>R. ESPECIAL AUTÓNOMOS</b>			
A CORUÑA	84.324	-0,01	-1,04
LUGO	32.221	-0,09	-1,96
OURENSE	22.888	-0,18	-1,46
PONTEVEDRA	67.393	-0,15	-0,75
GALICIA	206.826	-0,09	-1,13
ESPAÑA	3.332.150	0,07	0,24
<b>R. ESPECIAL DO MAR</b>			
A CORUÑA	6.006	6,37	0,47
LUGO	1.516	-2,51	-0,73
OURENSE	0	--	--
PONTEVEDRA	12.909	-0,18	0,28
GALICIA	20.432	1,48	0,26
ESPAÑA	63.592	-2,70	1,66

Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

#### 4.- Evolución da afiliación



Fonte: Ministerio de Inclusión, Seguridad Social y Migraciones

## Notas metodolóxicas

**Traballadores afiliados:** a afiliación ao Sistema de Seguridade Social é obrigatoria para todas as persoas incluídas no campo de aplicación da Seguridade Social e única para toda a vida do traballador e para todo o Sistema, sen prexuízo das baixas, altas e demais variacións que con posterioridade á afiliación poidan producirse. É dicir, o traballador afíliase cando comeza a súa vida laboral e dáse de alta nalgún dos réximes do Sistema da Seguridade Social; esta situación denomínase alta inicial; se cesa na súa actividade, será dado de baixa pero seguirá afiliado en situación de baixa laboral, se retoma a actividade, producirase unha alta, denominada alta sucesiva a efectos estatísticos, pero non terá que afiliarse novamente, dado que, como xa se indicou, a afiliación é única para toda a vida do traballador.

A información procede da explotación estatística do ficheiro de afiliación dos traballadores aos distintos Réximes da Seguridade Social, cuxa xestión corresponde á “Tesorería General de la Seguridad Social” e ao “Instituto Social de la Marina”. A explotación é efectuada pola “Gerencia de Informática de la Seguridad Social”.

Neste informe preséntanse datos das afiliacións medias mensuais.

Para máis información:

<http://www.seg-social.es>

<http://www.inclusion.gob.es/>